

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

- 18612** Orde JUS/1256/2019, do 26 de decembro, sobre a inscrición no Rexistro Mercantil das persoas físicas ou xurídicas que, de forma empresarial ou profesional, prestan os servizos descritos no artigo 2.1.o) da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.

#### I

Con motivo da transposición da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2015, relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo e pola que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, e se derrogan a Directiva 2005/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e a Directiva 2006/70/CE da Comisión (en diante, Directiva (UE) 2015/849, do 20 de maio), resulta necesario impulsar medidas para a posta en funcionamento do Rexistro de prestadores de servizos a sociedades e fideicomisos.

Neste sentido, o Real decreto lei 11/2018, do 31 de agosto, de transposición de directivas en materia de protección dos compromisos por pensións cos traballadores, prevención do branqueo de capitais e requisitos de entrada e residencia de nacionais de países terceiros, e polo que se modifica a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contén no seu título II, que se corresponde co artigo segundo, as modificacións que corresponden á Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, que establece o réxime de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo vixente en España.

En concreto, o número trinta e tres do dito artigo segundo modifica a disposición adicional única da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, e establece, nos novos números 2 e 8 da referida disposición, que o formulario de inscrición no Rexistro Mercantil das persoas físicas prestadoras de servizos a sociedades e fideicomisos se aprobará mediante orde da ministra de Xustiza.

#### II

A oportunidade da aprobación da norma responde a que a mencionada disposición adicional única da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo («Rexistro de prestadores de servizos a sociedades e fideicomisos»), na redacción procedente do citado Real decreto lei 11/2018, do 31 de agosto, prevé no seu número 1 que as persoas físicas ou xurídicas que de forma empresarial ou profesional presten todos ou algún dos servizos descritos no artigo 2.1.o) da lei deberán, previamente ao inicio das súas actividades, inscribirse de forma obrigatoria no rexistro mercantil competente por razón do seu domicilio.

O número 2 da dita disposición adicional establece que, no caso de persoas físicas profesionais, a súa inscrición se practicará exclusivamente de forma telemática con base nun formulario preestablecido aprobado por orde ministerial.

Ademais, estas persoas físicas profesionais deberán, de acordo co número 8 da mesma disposición adicional única, depositar nos tres primeiros meses de cada ano un documento en que manifesten os datos que se indican na mesma disposición, o que tamén se fará de forma exclusivamente telemática e de acordo co formulario preestablecido por orde ministerial, obxectivo a que responde a presente norma. Así mesmo, establece que na orde aprobatoria do modelo se establecerán as medidas que se xulguen necesarias

para garantir a seguridade da indicada comunicación. De acordo co número 7 da disposición adicional única expresada, incumbe tamén a anterior obrigación ás persoas físicas ou xurídicas ás cales lles sexa aplicable esta disposición adicional, que deberán, en cada exercicio, xunto co depósito das súas contas anuais no Rexistro Mercantil competente, achegar un documento para o seu depósito do cal resultarán os datos legalmente previstos.

## III

Por último, o número 9 da disposición adicional referida autoriza o Ministerio de Xustiza para que, por medio da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, dite as ordes, instrucións ou resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido na indicada disposición adicional. En cumprimento do anterior ditouse a Instrución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do 30 de agosto de 2019, sobre a inscrición no rexistro mercantil das persoas físicas profesionais que prestan servizos descritos no artigo 2.1.o) da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo. Na dita instrución, e respecto da declaración anual de actividades, indicábase que esta constituía o simple cumprimento dunha obrigación legal de declaración, polo que non pode ser obxecto propiamente de cualificación do seu contido, senón simplemente do cumprimento dos deberes formais, a integridade da declaración e a lexitimación do declarante, o que se sinalaba igualmente respecto da declaración de realización dalgunha ou dalgunhas das citadas actividades do artigo 2.1.o) e da declaración relativa aos titulares reais, motivo polo cal queda reducido o prazo de cualificación e despacho a cinco días.

## IV

En consecuencia, pode concluírse que a presente orde ministerial cumpre co principio de necesidade e eficacia na medida en que vén xustificada por unha razón de interese xeral, como é a adopción das medidas imprescindibles para a posta en funcionamento do Rexistro de prestadores de servizos a sociedades e fideicomisos, como son, no presente caso, a aprobación dos modelos que deberán formalizar as persoas físicas ou xurídicas que, de forma empresarial ou profesional, prestan servizos descritos no artigo 2.1.o) da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo, os cales son imprescindibles para o acceso ao Rexistro Mercantil correspondente das respectivas declaracións de alta, baixa, modificación de circunstancias ou declaración anual na materia. Os modelos aprobados, telemáticos, serán o instrumento máis adecuado para garantir a consecución de tal obxectivo rexistral.

## V

Así mesmo, esta orde ministerial cumpre co principio de proporcionalidade en canto contén a regulación imprescindible para atender a necesidade de cumprir co requisito de acceso ao Rexistro Mercantil por parte dos prestadores de servizos a que se refire o artigo 2.1.o) da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigacións aos referidos prestadores de servizos.

## VI

A presente orde da ministra tamén garante o principio de seguridade xurídica, posto que a iniciativa normativa se exerce de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, en especial coa normativa detallada ao principio, para xerar un marco estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas, sen establecer trámites adicionais ou distintos aos recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

públicas, máis alá dos estritamente impostos pola lexislación rexistral e polas normas que estableceron a obrigación de inscrición no Rexistro Mercantil das declaracións a que se refire o presente texto. En aplicación do principio de transparencia, posibilitábase o acceso sinxelo, universal e actualizado a esta normativa vixente e aos documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e posibilitouse aos potenciais destinatarios desta orde ministerial unha participación activa na súa elaboración. Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, esta norma evita cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionaliza, na súa aplicación, a xestión de recursos públicos.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

A presente orde ministerial ten por obxecto aprobar e regular a utilización dos formularios preestablecidos necesarios para que as persoas físicas ou xurídicas que de forma empresarial ou profesional presten todos ou algún dos servizos descritos no artigo 2.1.o) desta Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, cumpran coa súa obrigación de inscrición no Rexistro Mercantil e de realizar a declaración anual sobre as ditas actividades. Igualmente, régúlase o modelo polo cal as persoas físicas ou xurídicas que de forma empresarial presten aqueles servizos poidan realizar a declaración anual de actividade a que veñen obrigadas.

A inscrición rexistral e a declaración de actividades con carácter anual son obrigacións que corresponden a todos aqueles suxeitos que presten os servizos previstos no artigo 2.1.o), con independencia de que se encontren xa sometidos á citada Lei 10/2010, do 28 de abril, dentro de calquera outra categoría de suxeitos obrigados.

#### Artigo 2. *Declaración de realización de actividade por persoas físicas profesionais.*

1. As persoas físicas profesionais que presten os servizos enumerados no artigo 2.1.o) da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, deberán formular a declaración de que os veñen prestando, en forma telemática, empregando para tal efecto, de forma obrigatoria e exclusiva, a rede privada telemática ou portal exclusivo de que é titular o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, en cuxo portal quedará instalada a aplicación para realizar a declaración de alta ou de baixa das persoas físicas profesionais. No suposto de que vaian iniciar a prestación dos mesmos servizos, deberán formular a declaración, polos mesmos medios, antes de comezar a súa prestación.

Para a identificación da persoa que realiza a declaración empregárase un sistema de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseado en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación», tal como exige o artigo 10.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tales como o certificado incorporado ao DNI electrónico, o expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre e os expedidos por outros prestadores de servizos de confianza cualificados e recoñecidos mediante a súa inclusión na citada lista de prestadores de servizos electrónicos de confianza cualificados, publicada pola Secretaría de Estado para o Avance Dixital do Ministerio de Economía e Empresa. No caso de que a persoa que realice a declaración sexa un non residente comunitario ou extracomunitario, será posible a utilización dos sistemas de sinatura electrónica admitidos para tales casos no Rexistro Mercantil.

2. A declaración que realice a persoa física profesional deberá comprender, debidamente parametrizados nos campos correspondentes, os datos relacionados no anexo I.

Estes datos deberán ser declarados mediante a formalización do formulario electrónico que se incorpora como anexo II.

3. O documento, coa declaración anterior e todos os datos consignados, será asinado electronicamente polo declarante e presentado da mesma forma no rexistro. A sinatura electrónica realizada polo declarante asignará a data en que se realiza a declaración ao rexistro, co que quedará automática e inmediatamente presentada a dita declaración. Unha vez presentada a declaración, o Rexistro devolverá a quen a presenta un xustificante técnico con indicación do momento exacto daquela. O rexistrador, nestes casos, limitárase a cualificar o cumprimento dos deberes formais, a integridade da declaración e a lexitimación do declarante, practicando a súa inscrición, coa maior brevidade posible e, en todo caso, dentro do prazo de cinco días hábiles. Unha vez realizada a inscrición, o Rexistro Mercantil devolverá ao declarante un documento, asinado electronicamente, que identifique a práctica daquela, a súa data e os seus datos rexistrais.

*Artigo 3. Declaración de modificación de datos por persoas físicas profesionais.*

Nos casos en que a persoa física profesional que realizase a declaración a que refire o artigo anterior quixer modificar algún dos datos que se fixeron constar na dita declaración, deberá presentar unha declaración de modificación, tamén con sinatura electrónica, mediante o correspondente formulario que conterá os datos rexistrais da inscrición da alta, máis os mesmos datos indicados no número anterior, debidamente modificados no que proceda.

Incorpórase modelo ao respecto no anexo II.

*Artigo 4. Declaración de baixa por persoas físicas profesionais.*

1. As persoas físicas profesionais que realizasen a declaración a que se refire o artigo 2 e cesen na prestación dos servizos a que refire a presente orde deberán presentar unha declaración de baixa, tamén con sinatura electrónica, que conterá os datos relativos aos datos rexistrais da inscrición da alta, nome e apelidos do declarante e documento de identidade, así como a data a partir da cal se cesou na prestación dos ditos servizos.

A isto será posible agregar un domicilio para notificacións físico ou electrónico, se permite a notificación electrónica.

2. A declaración deberá comprender, debidamente parametrizados nos campos correspondentes, os datos relacionados no anexo IV. Estes datos deberán ser declarados mediante a formalización do formulario que se incorpora como anexo V.

3. O documento, coa declaración anterior e todos os datos consignados, será asinado electronicamente polo declarante e presentado na mesma forma no Rexistro. A sinatura electrónica realizada polo declarante asignará a data en que se realiza a declaración ao Rexistro, co que quedará automática e inmediatamente presentada a declaración. Unha vez presentada a declaración o Rexistro devolverá a quen a presenta un xustificante técnico co momento exacto daquela. O rexistrador practicará a inscrición, coa maior brevidade posible e, en todo caso, dentro do prazo de cinco días hábiles. Unha vez realizada a inscrición, o Rexistro Mercantil devolverá ao declarante un documento, asinado electronicamente, que identifique a realización da baixa, a súa data e os seus datos rexistrais.

*Artigo 5. Declaración anual de actividades por persoas físicas profesionais.*

1. A declaración anual que, conforme o establecido no número 8 da disposición adicional única da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, están obrigadas a realizar as persoas físicas profesionais que presten os servizos a que se refire o artigo 2.1.o) da referida lei depositarase no Rexistro Mercantil en que consten inscritas e deberá comprender, debidamente parametrizados nos campos correspondentes, os datos que constan no anexo VI.

Estes datos deberán ser declarados mediante a formalización do formulario electrónico que se incorpora como anexo VII.

2. O documento, con todos os datos consignados, será asinado electronicamente polo mesmo declarante e presentado polos mesmos medios de sinatura indicados para as declaracións de alta e baixa.

A sinatura electrónica realizada polo declarante asignará a data en que se realiza a declaración, e quedará automática e inmediatamente presentada. Unha vez presentada a declaración, o Rexistro devolverá a quen a presenta un xustificante técnico con indicación do momento exacto daquela.

O rexistrador, unha vez comprobada a sinatura, dará por practicado o depósito coa maior brevidade posible e, en todo caso, dentro do prazo dos cinco días hábiles seguintes, e o Rexistro Mercantil devolverá ao declarante un documento, asinado electronicamente, que identifique a realización do depósito, a súa data, o seu contido e os datos rexistrais que o identifiquen.

Unha vez realizado o depósito, o Rexistro Mercantil devolverá ao declarante un documento, asinado electronicamente polo rexistrador, que identifique a práctica daquela, a súa data e os seus datos rexistrais. O depósito deberá realizarse dentro dos tres primeiros meses de cada ano, ben que o sistema admitirá os depósitos realizados fóra dese prazo, sen prexuízo das responsabilidades en que se poida incurrir en tales casos.

*Artigo 6. Declaracións que deberán realizar as persoas xurídicas e persoas físicas que actúen en concepto de empresarios.*

As persoas xurídicas e as persoas físicas que actúen en concepto de empresarios e presten os servizos enumerados no artigo 2.1.o da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, formalizarán a obriga de inscrición a que se refire a disposición adicional única da referida lei mediante a súa inscrición ordinaria no Rexistro Mercantil como entidade ou empresario, se non o están xa, e a presentación simultánea ou posterior da declaración de que se vén realizando, ou se vai iniciar, algunha ou algunhas das citadas actividades, así como, se for o caso, a declaración de baixa cando deixen de prestalos. As declaracións de modificación de datos realizaranse de acordo coas regras xerais previstas para a súa ordinaria inscrición no Rexistro Mercantil.

As declaracións de alta e de baixa como prestador de servizos a que se refire o parágrafo anterior poderán presentarse telematicamente mediante a versión dixital dos modelos de que obrigatoriamente deberá dispor o portal do Colexio de Rexistradores da Propiedade.

A declaración anual sobre os servizos prestados a que se refire o número 7 da disposición adicional única da Lei 10/2010, do 28 de abril, realizarase no acto do depósito das contas anuais, coas cales se achegará o correspondente documento conforme o modelo incluído como anexo V, que será presentado mediante a formalización do dito formulario electrónico, cuxas características serán as mesmas do anexo IV.

*Artigo 7. Honorarios rexistrais.*

De acordo co previsto no Decreto 757/1973, do 29 de marzo, polo que se aproba o adxunto arancel dos rexistradores mercantís, as declaracións a que refire a presente orde devindicarán un total de 14,13 € máis IVE, resultado de aplicar un asento de presentación conforme o número 1 do arancel –6,01 €–, unha inscrición conforme o número 3 do arancel –1,50 €–, dúas notas marxinais conforme o número 21.a) do arancel –0,60 €– e dous depósitos conforme o número 25 do arancel –6,02 €–.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde dítase ao abeiro das competencias exclusivas que atribúe ao Estado o artigo 149.1. 6.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias en materia de lexislación mercantil e penal.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de decembro de 2019.– A ministra de Xustiza, Dolores Delgado García.

### ANEXO I

#### **Campos que hai que cubrir na declaración de realización de actividade por persoas físicas profesionais**

##### *Campos de consignación obrigatoria*

Rexistro Mercantil en que, por corresponderse co seu domicilio profesional, debe practicarse a inscrición.

Tipo de documento de identidade (con dúas alternativas: DNI, NIE).

Número do documento de identidade (campo cuxa coherencia interna, número-letra, será obxecto de control por parte do sistema).

Nome (campo de texto libre).

Apelido/s (campo de texto libre).

Nacionalidade (campo con elección dentro dun menú despregable).

Data de nacemento (campo estruturado: dd/mm/aaaa).

Domicilio profesional (cos campos correspondentes ao tipo de vía, nome da vía, número, bloque, escaleira, planta, letra, código postal, municipio, provincia, país).

Pertenza, como colexiado, a un colexio profesional (campo con dúas alternativas: SI/NON).

Colexio profesional (campo de texto libre).

Número de colexiado (campo de texto libre).

(Estes dous últimos campos aparecerán, e serán de obrigatoria consignación, unicamente se a resposta á anterior pregunta foi SI.)

##### *Campos de consignación voluntaria*

Número de teléfono (campo de texto libre).

Enderezo de correo electrónico (campo de texto libre).

Admite notificación electrónica (campo con dúas alternativas: SI/NON).

Domicilio para notificacións, no suposto de que se queira indicar un diferente do domicilio profesional, con estrutura análoga ao domicilio profesional.

Observacións (campo de texto libre).

##### *Texto da declaración*

A declaración, unha vez cubertos os anteriores campos, irá seguida dun texto redactado nos seguintes termos:

Que nos termos previstos no artigo 2.1.o) da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, declara baixo a súa responsabilidade prestar ou ter prestado algún dos seguintes servizos por conta de terceiros: constituír sociedades ou outras persoas xurídicas; exercer funcións de dirección ou de secretarios non conselleiros de consello de administración ou de asesoría externa dunha sociedade, socio dunha asociación ou funcións similares en relación con outras persoas xurídicas ou dispor que outra persoa exerza as ditas funcións; facilitar un domicilio social ou un enderezo comercial, postal, administrativo e outros servizos afíns a unha sociedade, unha asociación ou calquera outro instrumento ou persoa xurídicos; exercer funcións de fiduciario nun fideicomiso (*trust*) ou instrumento xurídico similar ou dispor que outra persoa exerza as ditas funcións; ou exercer funcións de accionista por conta doutra



persoa, exceptuando as sociedades que coticen nun mercado regulado da Unión Europea e que estean suxeitas a requisitos de información acordes co dereito da Unión ou con normas internacionais equivalentes que garantan a adecuada transparencia da información sobre a propiedade, ou dispor que outra persoa exerza as ditas funcións.

En consecuencia, solicita a inscrición no Rexistro Mercantil, no seu concepto de prestador de servizos a sociedades e fideicomisos, de conformidade co número 4 da disposición adicional única da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.

Sinatura.

## ANEXO II

## Declaración de realización de actividade por persoas físicas profesionais

GOBIERNO DE ESPAÑA		MINISTERIO DE JUSTICIA		Instancia ao Rexistro Mercantil		Código: 01	
<b>DECLARACIÓN DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE POR PERSOAS FÍSICAS PROFESIONAIS</b>							
Ao Rexistro Mercantil de* <input type="text"/>							
Datos do interesado:							
Tipo*	<input type="text"/>	Nº de documento*	<input type="text"/>	Correo electrónico	<input type="text"/>		
Nome*	<input type="text"/>	Apellidos*	<input type="text"/>		Teléfono	<input type="text"/>	
Admisión de notificación electrónica	<input type="text"/>	Data de nacemento*	<input type="text"/>	Nacionalidade*	<input type="text"/>		
Domicilio de notificacións:							
Nome da vía	<input type="text"/>			Número	<input type="text"/>	Portal	<input type="text"/>
Bloque	<input type="text"/>	Escaleira	<input type="text"/>	Andar	<input type="text"/>	Porta	<input type="text"/>
Municipio	<input type="text"/>			Provincia	<input type="text"/>		País <b>ESPAÑA</b>

## DECLARACIÓN

Que nos termos previstos no artigo 2.1.o) da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, declara baixo a súa responsabilidade prestar ou ter prestado algún dos seguintes servizos por conta de terceiros: constituír sociedades ou outras persoas xurídicas; exercer funcións de dirección ou de secretarios non conselleiros de consello de administración ou de asesoría externa dunha sociedade, socio dunha asociación ou funcións similares en relación con outras persoas xurídicas ou dispor que outra persoa exerza as ditas funcións; facilitar un domicilio social ou un enderezo comercial, postal, administrativo e outros servizos afíns a unha sociedade, unha asociación ou calquera outro instrumento ou persoa xurídica; exercer función de fiduciario nun fideicomiso (*trust*) ou instrumento xurídico similar ou dispor que outra persoa exerza as ditas funcións; ou exercer funcións de accionista por conta doutra persoa, con excepción das sociedades que coticen nun mercado regulado da Unión Europea e que estean suxeitas a requisitos de información acordados co dereito da Unión ou a normas internacionais equivalentes que garantan a adecuada transparencia da información sobre a propiedade, ou dispor que outra persoa exerza as ditas funcións.

En consecuencia, solicita a inscrición no Rexistro Mercantil, no seu concepto de prestador de servizos a sociedades e fideicomisos, de conformidade co número 4 da disposición adicional única da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.

Profesional colexiado	<input type="checkbox"/>	Número de colexiado*	<input type="text"/>	Colexio profesional*	<input type="text"/>
Domicilio profesional:					
Nome da vía*	<input type="text"/>			Número*	<input type="text"/>
Bloque	<input type="text"/>	Escaleira	<input type="text"/>	Andar	<input type="text"/>
Municipio*	<input type="text"/>			Provincia*	<input type="text"/>
				País*	<b>ESPAÑA</b>
<input type="button" value="Copiar domicilio de notificacións"/>					

Observacións	<input type="text"/>	
Data*	<input type="text"/>	Sinatura*
	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Para os efectos do Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), queda informado:

-Os datos persoais expresados na presente solicitude e nos documentos presentados serán obxecto de tratamento e incorporados aos libros e arquivos do Rexistro, cuxo responsable é o rexistrador; o seu uso e fin do tratamento serán os recollidos e previstos expresamente na normativa rexistral, a cal serve de base lexitimadora deste tratamento.

-A información neles contida só será tratada nos supostos previstos legalmente ou co obxecto de satisfacer e facilitar as solicitudes de publicidade formal que se formulen de acordo coa normativa rexistral, así como para facturar os servizos solicitados.

